



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la posición del Gobierno ante los abusos del ICE en EE. UU.**

El gobierno estadounidense, dirigido por Donald Trump, creó un cuerpo policial denominado ICE (US Immigration and Customs Enforcement), dependiente del Departamento del Interior, dedicado a las aduanas y a la inmigración dentro del país. El ICE tiene entre sus principales atribuciones la detención y la deportación de inmigrantes que no tengan documentación.

El ICE ha recibido una importante cantidad de críticas, tanto durante el primer mandato de Donald Trump como en el actual, en el que el ICE se ha convertido en el mayor órgano policial y cuenta con la mayor financiación en la historia de ese país, ya que tiene como objetivo contratar a 10.000 empleados y empleadas en 2026 y cuenta con un presupuesto de 100 millones de dólares para este fin.

Sus actuaciones, además de sus campañas de publicidad, están siendo ampliamente cuestionadas tanto en lo que respecta a su legalidad como al respeto de los derechos civiles. Así, las y los agentes del ICE van enmascarados y visten ropa civil, además de utilizar vehículos sin identificar, siendo cuestionable su actuación, semejante a la de un cuerpo paramilitar. Además, existen numerosos incidentes documentados de uso excesivo de la fuerza por parte de las personas que forman parte del ICE, tanto para la represión de los manifestantes como para la detención de los migrantes.

El 7 de enero de este año, el ICE asesinó a la activista René Nicole Good en Minneapolis, en el contexto de una protesta ciudadana contra el aumento de la actividad, la agresividad y la falta de respeto a los derechos civiles.

De este modo, el ICE se está convirtiendo en uno de los principales brazos ejecutores de la iniciativa de deportación masiva, que fue una de las promesas electorales más importantes de la campaña electoral de Trump. Este hecho, junto con la política exterior belicista de Donald Trump, hace que la situación para las personas extranjeras residentes en Estados



Unidos resulte extremadamente preocupante.

En Estados Unidos viven más de 25.000 gallegos y gallegas, lo que justifica aún más la necesidad de que el gobierno gallego se pronuncie en relación con este cuerpo policial que trabaja, de forma activa y extremadamente agresiva, contra los inmigrantes que viven en ese país. Además, el Gobierno español debe actuar para dar cobertura y prestar una atención ágil e inmediata a las personas que puedan ser víctimas de esta nueva política contra los migrantes.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Cuál es la posición del Gobierno en relación con la agresiva política del departamento del ICE de los EE. UU., concretamente en lo que tiene que ver con la afectación de los miles de gallegos y gallegas presentes en ese país?
2. ¿Cómo valora el Gobierno la afectación de la política agresiva y contraria a los derechos civiles ejercida por el ICE contra los migrantes en EE. UU., que también afecta a los gallegos y gallegas?
3. ¿Tiene constancia el Gobierno de la existencia de personas gallegas afectadas por las actuaciones del ICE?
4. ¿Tiene previsto el Gobierno poner en marcha alguna medida o canal directo y específico para atender y apoyar a las personas que residen en Estados Unidos y que puedan ser víctimas del ICE?
5. ¿Condena el Gobierno la política que está desarrollando, vulnerando los derechos civiles y humanos, el cuerpo policial del ICE de EE. UU. frente a las personas migrantes?
6. ¿Valora el Gobierno la instalación de oficinas en los principales centros de emigración de gallegos y gallegas en EE. UU. para poder así dar apoyo a las personas que puedan verse afectadas por la actividad del ICE?

En Madrid, a 17 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 MAR. 2026 19:28:45

Entrada **106474**

Sobre as actuacións do ICE nos EUA e a afectación a cidadás e cidadáns galegos

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á posición do Goberno ante os abusos do ICE nos EUA.**

O goberno dos EUA, dirixido por Donald Trump, creou un corpo policial denominado ICE (US Immigration and Customs Enforcement), dependente do Departamento de Interior, dedicado ás aduanas e á inmigración no interior dese país. O ICE ten entre as súas principais atribucións a de deter e deportar inmigrantes que non teñan documentación.

O ICE ten recibido unha importante cantidade de críticas, tanto no primeiro como no actual mandato de Donald Trump como presidente, en que o ICE pasou a ser o maior órgano policial e o que conta co maior financiamento da historia dese país, pois ten o obxectivo de contratar 10.000 empregados e empregadas en 2026, e conta cun orzamento de 100 millóns de dólares para esta fin.

As súas actuacións, ademais das súas campañas de publicidade, están a ser amplamente cuestionadas tanto en relación coa súa legalidade como polo respecto aos dereitos civís. Así, as e os axentes do ICE van enmascarados e visten roupa civil, ademais de utilizaren vehículos sen identificar, sendo cuestionábel a súa actuación semellante á dun corpo paramilitar. Ademais, existen moitos incidentes documentados de uso excesivo da forza por parte das persoas que forman parte do ICE tanto na represión de manifestantes como na detención de migrantes.



O 7 de xaneiro deste ano, o ICE asasinaba á activista René Nicole Good en Minneapolis, no contexto dunha protesta cidadá contra o aumento da actividade, agresividade e a falta de respecto polos dereitos civís.

Así, o ICE está a ser un dos principais brazos executores da iniciativa de deportación masiva que fora unha das promesas electorais máis importantes da campaña electoral de Trump. Este feito, xunto coa política exterior belicista de Donald Trump, fai que a situación para as persoas estranxeiras residentes nos EUA resulte extremadamente preocupante.

Nos Estados Unidos, viven máis de 25.000 galegos e galegas, o que xustifica aínda máis a necesidade de que o goberno galego se pronuncie en relación con este corpo policial que traballa, de xeito activo e extremadamente agresivo, contra os inmigrantes que viven nese país. Alén disto, o Goberno español debe actuar para dar cobertura e prestar atención áxil e inmediata as persoas que poidan ser vítimas desta nova política contra as persoas migrantes.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Cal é a posición do Goberno en relación coa agresiva política do departamento do ICE dos EUA, concretamente no que ten que ver coa afectación aos millares de galegos e galegas presentes nese país?
2. Como valora o Goberno a afectación da política agresiva e contraria aos dereitos civís exercida polo ICE fronte a persoa migrantes nos EUA, afectando tamén a galegos e galegas?
3. Ten constancia o Goberno da existencia de persoas galegas afectadas polas actuacións do ICE?
4. Ten previsto o Goberno pór en marcha algunha medida ou canle directa e específica para atender e apoiar as persoas residentes nos Estados Unidos que poidan ser vítimas do ICE?



5. Condena o Goberno a política que está a desenvolver en vulneración dos dereitos civís e humanos o corpo policial do ICE dos EUA fronte ás persoas migrantes?
6. Valora o Goberno a instalación de oficinas nos principais centros de emigración de galegos e galegas nos EUA para poder así dar apoio ás persoas que poidan verse afectadas pola actividade do ICE?

Madrid, a 17 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso